Obxectivo 6: manter e mellorar o funcionamento do parque natural.

a) Liñas de actuación:

i) Mantemento xeral.

ii) Mantemento de vehículos do parque natural.

iii) Conservación das instalacións do parque natural.

Título VI
Vixencia e revisión do plan

50. Vixencia do PRUX.

Segundo o establecido no artigo 30 de Lei 42/2007, de 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade, os PRUX deberán ser periodicamente revisados, fixándose o prazo máximo no artigo 36 da Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia, no que se dispón que a vixencia do PRUX deberá de ser, como máximo, de seis anos, a partir dos cales se deberá realizar a súa revisión de oficio.

51. Revisión do PRUX.

O plan poderá ser revisado con anterioridade ao seu vencemento, por iniciativa da consellería competente en materia de xestión de espazos protexidos (Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible segundo o artigo 41.1º da Lei 9/2001) cando se produzan episodios ambientais imprevistos de orixe natural ou antrópica que afecten á integridade do medio e desborden as medidas previstas no correspondente PRUX.

ANEXO II
Cartografía de zonificación

